

COMO BUSCAR?

Todos os libros están ordenados segundo a CDU (Clasificación Decimal Universal).

Este sistema, que acharás en moitas bibliotecas, baséase na división de todo o coñecido en dez grupos ou seccións.

As dez áreas de coñecemento -realmente nove porque o 4 está baleiro- son as seguintes:

0.- Xeneralidades: enciclopedias e dicionarios...

1.- Filosofía. Ética.

2.- Relixión. Mitoloxía.

3.- Ciencias Sociais: Socioloxía, Economía, Dereito...

4.- [Baleiro].

5.- Matemáticas. Ciencias Naturais, Física, Química...

6.- Ciencias Aplicadas: Medicina...

7.- Arte. Deportes.

8.- Lingua. Literatura.

9.- Xeografía. Historia.

Daquela, os libros do mesmo tema comezan sempre polo mesmo número. Podes localizalos coa axuda dos cartéis na parte superior dos andeis. Cantos máis díxitos, se empreguen máis específica é a clasificación.

O máis complexo adoita ser o número 8 referido ás obras literarias, que son case a metade da biblioteca e que debemos diferenciar por linguas 81, e por literatura 82-P (poesía), 82-T (teatro), 82-N (narrativa), 82-E (ensaio), 82-C (comic), e engadindo c (castelán), g (galego), i (inglés), f (francés), p (portugués).



COMO ATOPAR?

Todos os libros levan no lombo un rótulo ou etiqueta que permite atopar calquera libro manexando a CDU e a simple orde alfabética.

Exemplo: *Follas Novas* de *Rosalía de Castro*.

Cada etiqueta contén a sinatura ou sinal de números e letras que indican a colocación do libro dentro da biblioteca.

82-P g
CAS
fol

82-P g

82: *Literatura*.
P: *Poesía*.
g: *Lingua Galega*.

CAS

En maiúscula, as tres primeiras letras do apelido ou pseudónimo do autor ou autora. Neste caso *Rosalía de Castro*.

fol

En minúscula, as tres primeiras letras do título. Neste caso, *Follas Novas*.

A colocación dos libros faise primeiro por orde numérica, segundo, por orde alfabética e das letras do apelido do autor, e por último, as do título.



BIBLIOTECA ESCOLAR



I.E.S. Lama das Quendas

R. \ Alférez Baanante s/n
27500 - Chantada (Lugo)

Tel.: 982 440 551 – Fax: 982 440 912
<http://centros.edu.xunta.es/ieslamaquendas>
ies.lama.quendas@edu.xunta.es

NORMAS XERAIS

- Durante o curso escolar, a Biblioteca estará aberta de acordo co horario exposto na entrada desta sala. Será atendida polo profesorado que no horario se indica.
- O material prestado deberá ser devolto no prazo establecido.
- Co gallo da revisión anual dos fondos, o servizo de préstamos da biblioteca rematará o día 10 de xuño.
- Todo o material bibliotecario, en calquera dos seus soportes, ten que ser tratado con coidado.
- Durante a permanencia na Biblioteca gardarase silencio e non está permitida a introdución de comidas e bebidas, así como o uso do teléfono móbil.
- O alumnado non pode utilizar a biblioteca sen a presenza dun profesor/a.
- A reserva do uso dos ordenadores e da biblioteca como aula farase nas táboas correspondentes.



PRÉSTAMOS E DEVOLUCIÓNS

- Para poder solicitar o préstamo de calquera material da biblioteca deberase dispoñer dun carné da biblioteca co correspondente número de lector.
- Tanto para préstamos como para devolucions será o bibliotecario o que realice as correspondentes anotacións no programa informático que xestiona a biblioteca escolar.
- Cada lector/a é responsable do material que leva en préstamo e se se deteriora deberá repoñelo. Os retrasos nas devolucions serán sancionados con tempo sen poder usar o servizo de préstamo.
- Pódense levar como máximo 3 documentos.
- O período de préstamo será de **15 días**. Unha vez rematado o prazo, poderase renovar por outros 15 días, sempre e cando non houbera unha petición anterior. Se se trata de CD-ROM, Vídeo ou DVD o préstamo é so de **7 días**.
- Os materiais de uso xeral (dicionarios, enciclopedias, láminas, atlas, ...) non poderán ser usados fóra da biblioteca, agás que, por necesidades didácticas, sexan solicitados polo profesorado.
- O material consultado na biblioteca ten que ser colocado no lugar que ocupaba previamente.
- Os fondos da nosa biblioteca poden ser consultados na páxina www.opacmeiga.rbgalicia.org.



USO DOS ORDENADORES DA BIBLIOTECA

- O ordenador da mesa do bibliotecario é de uso exclusivo do profesorado de garda na biblioteca.
- Habilitarase un rexistro onde cada persoa que utilice estes ordenadores indicará: nome, curso e hora de uso do ordenador.
- Se algún/algunha alumno/a é sorprendido/a realizando algunha actividade non permitida será advertido e comunicaráselle que a seguinte vez que o faga prohibiráselle utilizar os ordenadores da biblioteca durante un período dun mes. A segunda suspensión será efectiva para todo o curso.
- **Está permitido** consultar o correo electrónico, xogos educativos, consultar información en internet para a elaboración de traballos relacionados coas materias, utilización de programas instalados para a elaboración de documentos, traballos, etc..., relacionados coas diferentes materias, e outras actividades realizadas co profesorado e con obxectivos claramente definidos.
- **Non está permitido** chatear, xogos e consultas de documentos con contidos sexistas, racistas/xenófobos, homófobos e outros contrarios á educación en valores que desenvolvemos no noso centro.
- Para utilizar o ordenador no recreo haberá que solicitalo cun día de antelación e por un máximo de 3 días á semana.

